

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de xuño de 2020**

Ás 17.00 horas do día 17 de xuño de 2020, reúnese a comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial, a través do sistema de videoconferencia (a través do enlace : <https://call.lifetimesizecloud.com/4065756> remitido coa convocatoria), coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Plácido Álvarez Dobaño

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez (incorporouse no punto 2º da orde do día)

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Interventor: D. José Mosquera Casero

Actúa de **secretario** da comisión, dando fe do acto, don Francisco Cacharro Gosende, secretario xeral da Deputación Provincial de Ourense. En particular, e dado o sistema de videoconferencia empregado para a realización da sesión, dáse fe da concorrencia en tempo real dos asistentes, aos que reconece a través da imaxe retransmitida e de que se encontran en territorio español, e da súa capacidade efectiva de participación nas deliberacións que se producen na reunión, así como da manifestación da súa vontade a través do voto.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 20 DE MAIO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de maio de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial do día 20 de maio de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.-

2ºA.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN SOBRE IRREGULARIDADES NAS SUBVENCÍONS A AUTÓNOMOS E PEMES AFECTADOS POLA COVID-19

O presidente da comisión informa de que existe unha moción do Grupo Socialista para tratar pola vía de urxencia, dado que se presentou despois da convocatoria da comisión, e dálle a palabra ao Grupo Socialista para xustificar a urxencia.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, explica que a moción non entrou en prazo debido a un problema informático, o que xustifica que se trate por urxencia nesta sesión.

Seguidamente, por unanimidade, a comisión acorda tratar a urxencia do asunto, procedéndose ao seu debate, cedéndoselle a palabra ao Grupo Socialista.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, dá lectura á moción presentada.

D.ª Montserrat Lama Novoa, portavoz de Ciudadanos, anuncia que reserva o voto para o Pleno.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, di que máis alá de que non pareza recomendable a actividade de difusión sobre as axudas en redes sociais por parte dalgún deputado provincial, cre que sería bo que o secretario informase de se os fondos existentes para estas subvencións alcanzan para atender todas as solicitudes.

O **Sr. secretario** informa en primeiro lugar, que o posible problema de esgotamento dos fondos só podería darse no caso das subvencións a autónomos, xa que nas de pequenas

empresas o crédito orzamentario se dividirá entre todas as solicitudes con dereito a subvención. No momento actual hai en trámite 3.136 expedientes, dos que 2.227 xa están resoltos e 1.804 xa están pagados. Por outra parte no Negociado de Secretaría Xeral xa agora mesmo 2.494 anotacións rexistrais pendentes de transferir aos funcionarios que tramitan as subvencións, anotacións que comprenden tanto solicitudes de subvencións de autónomos como de pequenas empresas, e que non corresponden na súa totalidade a novas solicitudes, xa que existe un elevado número de anotacións que completan ou corríxen deficiencias de solicitudes anteriores, e existen moitas que están duplicadas ou incluso triplicadas, debido a que se se presenta moita documentación debe facerse a través de dous ou máis anotacións. A isto engádese que algúns dos expedientes resoltos foron denegados por incumprimento dos requisitos da convocatoria. Tendo isto en conta e considerando que o crédito dispoñible permite a concesión dun total de 5.458 subvencións, a previsión case con total seguridade é o de que os fondos serán suficientes para atender todas as solicitudes con dereito a subvención, aínda que loxicamente non se poida certificar isto ata que avancemos un pouco máis no proceso.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de DO, anuncia o voto en contra da moción porque non ve que das incidencias producidas no proceso se derivase ningún tipo de prexuízo para ninguén.

O **presidente da comisión** cre que non hai nada que investigar e que todo está claro á vista do informe do Sr. secretario, polo que votarán en contra.

D. Aurentino Alonso Araujo, do Grupo Socialista, di que o fondo da cuestión é o uso de información privilexiada para favorecer a certas persoas en prexuízo doutras por parte de membros do Partido Popular, e non os posibles erros burocráticos que podemos cometer todos, senón o uso partidista de información reservada das bases aprobadas pola Xunta de Goberno.

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción, e ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (3), a abstención do BNG (1) e de Ciudadanos (1) e o voto en contra do Grupo Popular (5) e de DO (1), a comisión **non** ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense á constitución dunha comisión de investigación para dilucidar as responsabilidades políticas dos prexuízos causados aos

afectados e afectadas polas irregularidades no procedemento de publicidade e concesión das subvencións da institución a pequenas empresas e autónomos afectados pola COVID 19.

2º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense á execución inmediata dos mecanismos e trámites administrativos necesarios, para solucionar os problemas ocasionados aos afectados e afectadas polas irregularidades no procedemento de publicidade e concesión das subvencións da institución a pequenas empresas e autónomos afectados pola COVID-19.

3º .- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

D.ª Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, pregunta que interpretación debe facerse da resposta dada á pregunta do seu grupo respecto do porqué se seguen realizando de modo telemático as comisións informativas.

O **presidente da comisión** di que é unha decisión do presidente e cre que nun comunicado que se remitiu no seu día se falaba de manter este sistema ata finais de xuño.

D.ª Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, di que se o protocolo de medidas preventivas do COVID 19 xa non está en vigor na Deputación Provincial, non entende o motivo de que estas comisións non se realicen de modo presencial.

O **presidente da comisión** di que a realización telemática das comisión non prexudica os dereitos de ninguén.

D.ª Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, pregunta como se vai realizar o pleno de xuño.

O **presidente da comisión** di que ese asunto se tratará en Xunta de Portavoces.

E, ás 17.20 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

